XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA
DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

| CIRCULAR | |
|---|---|
| *Nº:* 16 | *Data: xuño de 2008* |

| |
|---|
| *ASUNTO:*<br>Instruccións para a tramitación de procedementos de adopción internacional. |
| *ÁMBITO:*<br>Servicios Centrais, Delegacións Provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e Entidades Colaboradoras de Adopción Internacional (ECAIs). |

## 1.- INTRODUCCIÓN

Co obxecto de unificar e homoxeneizar os criterios a empregar polos equipos técnicos de adopción das delegacións provinciais, así como das Entidades Colaboradoras de Adopción Internacional, a Secretaría Xeral do Benestar, dita as seguintes instrucións:

## 2.- INFORMACIÓN E FORMACIÓN:

Normativa a aplicar:

- Lei 54/2007, de 28 de decembro, de adopción internacional
- Lei 3/97, do 9 xuño, galega de familia, da infancia e da adolescencia
- Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo 406/2003, do 9 de outubro.

### 2.1.- INFORMACIÓN

Segundo se contempla no artigo 5 da Lei 54/2007, é obriga das Entidades Públicas, facilitar información sobre lexislación, requisitos e trámites necesarios en relación coa adopción. Esta será facilitada polas Delegacións Provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e as Ecais.

Tamén poderá obterse información a través da páxina web da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

Se non se dispuxera de suficiente información sobre a adopción nun determinado país, a Delegación Provincial deberá requirirlla á Secretaría Xeral do Benestar, quen a solicitará ao Ministerio correspondente.

Antes da presentación da solicitude, é obrigatorio que as persoas interesadas (en caso de parellas ou matrimonios, teñen que asistir os dous membros) no proceso de adopción, asistan a unha sesión informativa, impartida polos técnicos das delegacións, cunha periodicidade de alomenos cada quince días. Expediráse xustificante de asistencia, que en caso de continuar co proceso, presentarán nas seguintes fases: formación e valoración de idoneidade.

Nas provincias nas que haxa menos demanda, as sesións celebraranse cos interesadas/os en recibir información sobre adopción, evitando unha excesiva espera.

A información facilitada deberá incluir como mínimo o seguinte:

- A adopción como última medida de protección á infancia.
- Procedemento:
  - Información
  - Curso de formación
  - Presentación solicitude
  - Valoración idoneidade
  - Tramitación expediente
  - Preasignación
  - Acoplamento
  - Seguimento
- Procedencia e características das/os nenas/os.
- Relación entre idade dos solicitantes e a correspondencia co menor.
- Información por países, tempos de espera, estancia país, nº seguimentos, preasignacións, postasignacións, etc.
- Ecais habilitadas en Galicia e noutras comunidades.
- Debese informar tamén que é requisito indispensable para solicitar a valoración de idoneidade, asistir a un curso de formación para persoas que queiran ser adoptantes. Á finalización do mesmo, entregaraselles un certificado de asistencia, que será necesario acompañar cando presenten solicitude.

En calquera caso, debe recomendarse sempre ás persoas interesadas na adopción, que dirixan as súas solicitudes aos países que teñan ratificado o Convenio da Haia. De non ser así, deberá advertírselles que a tramitación nun país que non ten asinado o dito convenio non garante o cumprimento do principio do interese superior do nena/o e o respecto aos seus dereitos fundamentais, agás alguna excepción.

En todo caso, non se tramitarán solicitudes (artigo 4 da Lei 54/2007)

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

- Naqueles países que se atopen en guerra ou houberan sofrido algún desastre natural.
- Se non hai autoridade específica que controle e garanta o proceso de adopción
- Cando no país no se dean as garantías axeitadas para a adopción e as prácticas e trámites non respeten o interese do menor.

A Secretaría Xeral do Benestar poderá establecer con respecto a un determinado país, que se tramite solo a través de Ecai debidamente acreditada, cando se constate que a tramitación por outra vía presenta riscos evidentes por falla de garantías.

De acordo co artigo 4.3 da lei 54/2007: A tramitación de solicitudes para a adopción de aqueles menores estranxeiros que foran acollidos en programas humanitarios de estancia temporal por motivo de vacacións, estudos ou tratamento médico, requirirá que tales acollementos rematen conforme ás condicións para as que foron constituidos e que no seu país de orixe participen en programas de adopción debidamente regulados.

No caso de 2ª solicitudes, paralización, peche país, ou calquera outra circunstancia, tamén é obrigatorio asistir a unha sesión informativa.

Deberá tamén indicarse que a información facilitada no momento de ser requirida é susceptible de cambiar en función das modificacións lexislativas que se poidan producir no país de orixe do menor ou por causa das paralizacións na tramitación de expedientes de adopción.

Unha vez que os solicitantes teñan decidido o país no que desexan tramitar a adopción, terán dúas posibilidades:

- Utilizar os servicios dunha ECAI, que se encargará de completar o expediente e mediar en todo o proceso adoptivo.
- Prescindir destes servicios, cando o país o permita, sendo os solicitantes responsables de completar o expediente. Neste casos, éste irá desde o Ministerio correspondente ao homólogo do país á que vaia dirixida a solicitude.

Débese ter en conta e informar aos solicitantes que algúns países esixen a tramitación a través de ECAI, mentres que outros non permiten a súa intervención.

De non existir ECAI habilitada pola Comunidade Autónoma de Galicia para un país concreto, poderase optar por tramitar a adopción a través dunha ECAI doutra comunidade, previa conformidade da mesma.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

## 2.2.- FORMACIÓN

A formación consistirá nun curso cuxo obxectivo xeral será facer reflexionar e madurar acerca das singularidades da adopción.

Estes cursos serán impartidos por técnicos dependentes da Secretaría Xeral do Benestar, cunha duración de 9 horas, distribuídas en 3 sesións de traballo de tres horas cada unha delas, e separadas entre sí, por un intervalo de tempo de alomenos unha semana, co fin de axudar aos participantes a reflexionar e asimilar os contidos.

Como norma xeral, o grupo de asistentes a cada curso, non será inferior a 10 persoas, nen superior a 22.

Aquela persoa ou persoas que non asistan a primeira sesión, convocaráselles para a seguinte. Se non asisten a 2ª convocatoria, entendese que desiste/en do seu proxecto inicial. Cando non asistan ás sesións 2ª e 3ª, serán emprazados para a súa incorporación no seguinte grupo.

En todo caso, non se expedirá certificado se non hai constancia de asistencia ás 3 sesións preceptivas. Como excepción, só se permitirá faltar a mitade dunha sesión.

O certificado emitido, terá unha validez dun ano para que os interesados presenten solicitude formal. A partires desa data terá que realizarse o curso de novo.

Ao finalizar o curso tamén se fará entrega da documentación que incluirá: solicitude valoración de idoneidade, compromiso de chegada do menor e seguimentos, relación da documentación necesaria e cuestionario.

## PROCEDEMENTO XERAL

## 1. SOLICITUDES

As persoas que desexen adoptar un menor deberán cumprir os requisitos fixados nos artigos 175 do Código Civil, 32 da Lei 3/97, e 62 do Decreto 42/2000.

Os requisitos son os seguintes:

- Ter como mínimo 25 anos cumpridos.
- Ter residencia habitual na Comunidade de Galicia
- Ter plena capacidade xurídica de obrar
- Cumprir ademais os requisitos que esixa o país a onde se dirixe a solicitude.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

Para tal fin, deben presentar un só exemplar de solicitude normalizada de valoración de idoneidade, segundo o modelo que figura no Anexo I, xunto coa documentación que recolle o artigo 74 do Decreto 42/2000:

1. Certificación literal de nacemento.
2. Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.
3. Certificado de empadroamento ou residencia.
4. Fotocopia da última declaración da renda ou, no seu defecto, certificación negativa expedida pola Axencia Tributaria e, se é o caso, declaración de bens patrimoniais.
5. Documento acreditativo da cobertura sanitaria (tarxeta sanitaria).
6. Libro de familia ou certificado de convivencia.
7. Sentencia de separación ou divorcio, se é o caso.
8. Dúas fotografías tamaño carné de cada solicitante.
9. Certificación de antecedentes penais ou, no seu defecto, certificación negativa, expedida polo Ministerio de Xustiza.

- Compromiso de comunicar a chegada do menor a Galicia xunto co compromiso de someterse ao seguimento da adopción (Anexo II). Este seguimento fárase cando a Secretaría Xeral, teña coñecemento por parte da autoridade competente do país de orixe, da preasignación do menor.

- Informe médico (según cuestionario médico anexo III).

- Certificados de asistencia á reunión informativa e ás 3 sesións formativas.

- Cuestionario persoal que lles presenta o equipo técnico

En caso de parellas, certificar unha convivencia mínima de dous anos, acreditando a referida situación cun certificado de convivencia, empradoamento, ou calquera outro documento que o xustifique.

Nos supostos de tramitación por medio de ECAI (habilitada en Galicia ou noutra Comunidade Autónoma), escrito desta aceptando a xestión do expediente. En todo caso, de non dispoñer desta aceptación no momento da valoración, comprometeránse a achegala antes da finalización do procedemento de valoración de idoneidade.

- Nos casos en que a tramitación se vaia a realizar sen a mediación de ECAI e se trate dun país de distinto idioma, poderase esixir o enderezo do traductor xurado e o compromiso de facerse cargo dos gastos relativos á traducción dos documentos que elaboren a Secretaría Xeral do Benestar e á Delegación Provincial. Se o país permite realizar a traducción da

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

documentación no mesmo, deberanse facilitar os dàtos da persoa ou organismo que se fará cargo do expediente.

- Nos casos en que a tramitación se vaia realizar sen mediación de ECAI, e se dispoña dun representante no país de orixe, deberán facilitar as súas señas.

Esta solicitude dirixirase á Delegación Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar correspondente ao domicilio do solicitante (artigo 73 do Decreto 42/2000, podendo ser presentada en calquera dos rexistros que establece o artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os emigrantes galegos con previsión de retorno poderán dirixir a solicitude á/ao delegada/o provincial da Vicepresidencia na provincia onde teñen previsto fixar a súa residencia; se no prazo dun ano dende a data de presentación da solicitude non se xustificase a residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia, a antedita solicitude arquivarase a tódolos efectos.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se presentase a documentación sinalada, requiririase ao interesado para que no prazo de 10 días emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, entenderase desistido da súa petición, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Co obxecto de evitar aos solicitantes expectativas inadecuadas, así como esforzos innecesarios, é conveniente aclarar que hai situacións non propicias para levar a cabo un proceso de adopción e que o técnico terá que avaliar de xeito individual, xa que unhas persoas precisan máis tempo que outras para superar determinadas incidencias como:

- Separacións ou divorcios.
- Graves sucesos traumáticos na unidade familiar: falecemento de cónxuxe, parella, fillos, persoas significativas, ...
- Non ter transcorrido un tempo prudencial desde o nacemento, ou adopción dun fillo anterior.
- Estar esperando un fillo ou a tratamentos de reprodución asistida, en calquera das súas modalidades.
- No caso de parellas que solicitan a adopción teñen que ter o mesmo núcleo de convivencia (exemplo parella, e só solicita a adopción un deles, ou persoas que non conviven e solicitan de forma conxunta).
- Non poder demostrar medios de vida estables e suficientes.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

- Existir enfermidades físicas ou psíquicas que dificulten o normal coidado do menor.
- Existir outros membros no núcleo familiar que están a dificultar o normal coidado do menor, (exemplo de fillos discapacitados, ou persoas maiores dependentes, outros)

## 2.-PROCEDEMENTO DE VALORACIÓN DE IDONEIDADE

### 2.1 Valoración polos equipos técnicos da Delegación Provincial correspondente.

A valoración de idoneidade dos solicitantes levarase a cabo segundo a orde cronolóxica de presentación de solicitudes.

Non obstante, existen excepcións, ás que se lles dará prioridade:

- Nenas/os maiores de 12 anos
- Grupos de 3 ou máis irmáns
- Que padezan algunha enfermidade, ou calquera característica que dificulte especialmente a aceptación por parte das familias adoptivas.

Tamén terán prioridade aqueles solicitantes que se vexan afectados pola paralización da tramitación de expedientes dun país e opten por iniciar un segundo expediente noutro ou por circunstancias alleas á/aos interesadas/os derivadas do país.

Aqueles solicitantes, que unha vez valorados para un país, desexen cambiar ante a tardanzar en preasignar menores, ou calquera outra circunstancia achacable ás/aos interesadas/os, non terán prioridade, é máis, terán que arquivar o expediente inicial e presentar nova solicitude (Artigo 89º. 3 do Decreto 42/2000).

Cando os solicitantes presenten solicitudes de adopción nacional e internacional, a valoración farase para os dous expedientes.

### 2.2.-Aspectos a ter en conta na valoración de idoneidade

A valoración técnica de idoneidade debe ter en conta polo menos os seguintes aspectos:

- Idade

A determinación da idade concretarase no momento de realizar a valoración, e non dende a data de rexistro da solicitude.

Establecese que entre o adoptante e o adoptado exista unha diferencia de idade axeitada e non superior aos corenta e cinco anos, tomando como referente ao

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

membro mais novo da parella, agás para os solicitantes que estean en disposición de aceptar grupos de irmáns ou menores con especiais dificultades, caso no que a diferencia de idade poderá ser superior.

1. No suposto de solicitantes monoparentais maiores de 45 anos, determinarase a idade do menor a adoptar aplicando unha diferencia de idade de 45 (por exemplo un/ha solicitante de 50 anos, sería idónea/o para menores de mais de 5 anos).
2. No suposto de que os solicitantes sexan unha parella, partese da idade do membro mais novo. Se este é menor de 45 anos a idoneidade poderá ser para nenos de 0-1 ano, independentemente da idade do outro membro da parella. No informe psico social e na proposta de idoneidade debese recoller se os solicitantes están dispostos a aceptar nenas/os de maior idade, e de ata que idade se acepta.
3. No suposto de que os solicitantes sexan unha parella, ambos dous de mais de 45 anos, pero cunha diferencia entre eles de menos de 5 anos, determinarase a idoneidade aplicando a diferencia de idade do membro mais novo da parella a 45, (exemplo unha parella de 45 e 49 anos = a idoneidade resultaria para unha/un nena/o a partir de 1 ano). Pero si a diferencia de idade entre eles é de 5 ou mais anos, a idoneidade ven determinada pola media das idades dos solicitantes e establecida a diferencia cos 45, (exemplo unha parella de 45 e 65 anos = a idoneidade resulta de aplicar a media 45+65=110:2=55-45= unha/un nena/o a partir de 10 anos./2º exemplo unha parella de 45 e 50 anos = a idoneidade resulta de aplicar a media 45+50=95:2=47,5-45= unha/un nena/o de mais de 2 anos ou a partir de 2 anos).

- Medio familiar axeitado para a atención integral do menor.
- Motivacións e aptitudes axeitadas e compartidas para a adopción.
- Condicións de saúde física e psíquica que permitan atender correctamente ao menor.
- Carencia de vivencias ou historias persoais que impliquen risco para o menor.
- Parellas estables. Para isto será preciso demostrar un período mínimo de convivencia ou matrimonio de dous anos, acreditando a referida situación con certificado de convivencia, empradoamento, ou calquera outro documento que o xustifique.
- Situación económica estable para afrontar o proceso de adopción.
- Rede de apoio familiar e social suficiente.
- Dispoñibilidade horaria que garanta a atención do menor.
- Flexibilidade de actitudes e adaptabilidade á situacións novas.
- Comprensión da dificultade que entraña a situación para o menor.
- Respecto á historia persoal e familiar da/o nena/a.
- Actitude positiva para a busca de apoio técnico, si se considerase necesario.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

Ademais destes aspectos, deberanse ter en conta os requisitos e circunstancias que concorran no país ao que vai dirixida a petición de adopción. Entre outros, valorarase especialmente a aceptación de diferencias raciais, étnicas e culturais.

A valoración de idoneidade fárase da seguinte forma:

- Unha entrevista psicolóxica, na delegación provincial, cunha duración máxima de dúas horas.

- A entrevista realizada polo traballadora/o social, fárase sempre no domicilio, cunha duración máxima de dúas horas.

- En supostos de especial dificultade, poderáse facer unha terceira entrevista, de forma conxunta (psicológa/o traballadora/o social) ben na delegación provincial ou no domicilio dos interesadas/os.

- En caso de 2ª adopcións, actualizacións, ampliacións, cambeos de países, etc. a entrevista será realizada por ambas/os técnicas/os, cunha duración máxima dunha hora.

De considerarse necesarias polos técnicos ou se o país o demande, as probas psicotécnicas a aplicar poderían ser as seguintes: 16 PF-5 ou CUIDA (Cuestionario para a avaliación de adoptantes, cuidadores, tutores e mediadores), "Mirando hacia el futuro" de Palacios, e de consideralo necesario tódalas probas complementarias (SRQ, EAS, MMPI, etc.). Todos os cuestionarios deberán traducirse ao galego antes de pasarllelos aos solicitantes, agás que as persoas a avaliar o solicitan en castelán.

De xurdir dúbidas nalgúns criterios de valoración teranse en conta os seguintes aspectos:

1º.- Saúde; se os informes dos facultativas/os, ofrezen dúbidas razoables sobre as condicións de saúde dos solicitantes, recoméndase pedir un novo informe doutra/o facultativa/o, da rede pública.

Serán motivos de non idoneidade as condicións de saúde física ou mental que impidan ou poidan impedir nun futuro inmediato a axeitada atención ao menor.

2º.- Axuste de parella; Prestarase atención á aparición de posibles desaxustes, tales como contradicións entre a parella, falta de respeto mutuo, presións, experiencias traumáticas, etc. transcribindo literalmente as verbalizacións indicativas, tales como:

a) Descalificacións, valoracións globais negativas do outro membro da parella.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

b) Queixas insistentes e globais respecto do outro membro da parella.
c) Ameazas.
d) Ocultar información relevante ao outro membro da parella.
e) Serias dúbidas acerca da estabilidade da parella por parte dalgún deles.
f) Valoración negativa da historia de convivencia por parte dalgún deles.
g) Incapacidade para resolve-los seus propios conflictos cando estes sexan importantes.
h) Proxecto de adopción non compartido.

O baixo nivel de axuste da parella será motivo de non idoneidade.

Nos supostos de falecemento dun membro da parella, dun fillo, ou persoa significativa, considerado como acontecemento traumático, as/os profesionais terán que valorar cada situación de xeito individual.

3º.- Motivacións inaxeitadas; Con frecuencia as motivacións son diversas e están misturadas, polo que se deberá afondar na valoración cando aparezan motivacións inaxeitadas ou alomenos predominen estas. Motivacións e argumentos que nun primeiro momento poderían parecer inaxeitados:

- "Nolo aconsellaron"
- "Porque faría moi felices aos meus pais"
- "Para que me faga compañía"
- "Para que faga compañía ao seu irmán"
- "Porque lle fai ilusión a miña parella"
- "Para ter un herdeiro"

Hai outro conxunto de motivacións que conlevan algunha intención claramente incompatible coa garantía da correcta atención á/ao nena/o, aínda que se manifesten dentro doutras motivacións axeitadas. Por exemplo:

- Para superar esta depresión.
- Para que a xente me mire ben.
- Para que a miña parella non se sinta culpable.
- Para salvar ou darlle sentido ao noso matrimonio.
- Para que atenda e coide a un familiar.
- Para que nos coide cando sexamos vellos.
- Para superar unha perda.
- Etc.

4º.- Expectativas excesivamente ríxidas respecto da/do nena/o e a súa orixe familiar; valoraranse negativamente as manifestacións intolerantes sobre determinados aspectos da familia da/o nena/o (por exemplo: que a nai non sexa prostituta, que os pais non sexan drogadictos, que a súa nai non sexa solteira...).

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

5º.- Actitudes educativas moi negativas e/ou inaxeitadas, que serán causa de non idoneidade:

- Educación baseada fundamentalmente no castigo físico.
- Educación baseada en valores ríxidos, intolerantes, antidemocráticos.
- Discrepancias esenciais e insalvables sobre a educación entre os membros da parella. (Convén dirixirse ao apartado de axuste de parella, e non consideralo como condición eliminatoria).

6º.- Condicións da vivenda. Deberá comprobarse que a vivenda familiar reúne no momento da valoración as condicións suficientes e adecuadas de habitabilidade.

Así mesmo, entre os motivos de non idoneidade recóllense:

1) Falseamento ou ocultación de datos fundamentais para o estudo.
2) Non aceptar cuestións fundamentais ou riscos no proceso que conleva a adopción, como non asumir:
   a) Os requisitos formais do proceso de valoración.
   b) Os problemas que poidan xurdir co menor na súa crianza.
   c) A reversibilidade da situación durante o período de acollemento preadoptivo.
   d) A necesidade da revelación ao menor da súa situación de adoptado.
   e) A necesidade de informar á/ao nena/o sobre o dereito de coñecer aos seus pais biolóxicos.

3) O establecemento por parte dos solicitantes de condicionamentos á adopción referidos a determinadas características dos menores:

Rasgos físicos, sexo e antecedentes socio-familiares das/dos nenas/os: Non se admite ningún tipo de condicionamento por parte dos solicitantes.

A pesar de non admitirse determinados condicionamentos, os solicitantes poderanse pronunciarse en relación a determinadas características:

a) Minusvalias físicas ou psíquicas: pódese condicionar a adopción a nenas/os que non padezan ningún tipo de minusvalía, ou aceptar soamente determinados tipos destas. En calquera caso os adoptantes deberán asumi-lo risco de que o menor poida padecer algún tipo de enfermidade recuperable no momento da preasignación ou postasignación.
b) Número de menores: deberase limitar o número de menores que se estea en dispoñibilidade de recibir dunha vez. No caso de que sexa mais dun menor, forzosamente deberán de ser irmáns.

En todo caso, os solicitantes de adopción deberán amosar: flexibilidade de aptitudes e adaptabilidade a novas situacións, comprensión das dificultades que entraña a situación para a/o nena/o, respecto á historia do menor, con aceptación das súas características particulares, actitude positiva cara á formación e seguimento, etc...

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

**2.3.-Proposta e resolución de idoneidade**

Finalizada a valoración polo equipo, a/o delegada/o provincial elevará a proposta de idoneidade dos solicitantes á Secretaría Xeral do Benestar. Recibida a mesma, ésta emitirá resolución que notificaraa aos interesados e máis á delegación provincial.

Se a proposta é de non idoneidade, faránse constar na mesma os motivos polos que se desestimou á familia.

Xunto coa proposta de idoneidade, a Delegación Provincial remitirá á Secretaría Xeral:

- Copia da solicitude de adopción
- Informes psicosociais: 3 exemplares, agás para Rusia que se precisan 4. Recomendase seguir o modelo anexo para que todolos informes teñan a mesma estructura. Cando os países sinalen modelo, haberá que adaptarse ao mesmo.
- Compromiso dos solicitantes de someterse ao seguimento da adopción.
- Compromiso da ECAI, de aceptación da tramitación do expediente, se é o caso.
- Enderezo da/o traductora/or xurado e o compromiso de facerse cargo dos gastos relativos á traducción, ou os datos da persoa ou organismo que se fará cargo da traducción no país, se a tramitación se realiza sen intervención de ECAI, se é o caso.
- As señas da/o representante no país de orixe, se a tramitación se realiza sen intervención de ECAI, se é o caso.
- Escrito dos solicitantes asinado polos mesmos onde declaren ou manifesten o desexo de que queren tramitar o seu expediente, cunha ECAI doutra Comunidade Autónoma, cando é o caso.

A resolución que declara a idoneidade dos solicitantes non implica a finalización do procedemento de valoración, nin a consecución dunha adopción, senón que este poderá revisarse co obxecto de flexibilizar a demanda e as motivacións dos solicitantes.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

É necesario deixar constancia axustando o máximo posible, no informe psicosocial, na proposta, resolución e certificado de idoneidade de:

- Número de menores para o que resultan idóneos os solicitantes, especificando a idade mínima e a máxima.

- Se aceptan e se consideran idóneos para máis dun menor, débese deixar constancia de que deberán ser irmáns, así como das idades mínimas e máximas.

A mencionada resolución determina a idoneidade das/os solicitante/s, que en caso de desacordo poderán recurrir, pero non é un documento válido para a tramitación no pais de orixe.

A Secretaría Xeral do Benestar expedirá o certificado de idoneidade, que terá una vixencia máxima de tres anos, dende a data da súa emisión, sempre que non se produzan modificacións sustanciais na situación personal e social (artigo 10 da Lei 54 e artigo 80.2 do decreto 42/2000). Este certificado só será válido para o país para o que se solicitara ou se determinara no momento da valoración.

**2.4.- Revisión da valoración inicial de idoneidade**

No caso de producirse un cambio relevante nas circustancias tidas en conta na valoración inicial, os solicitantes deberán comunicalas á Delegación Provincial co obxecto de que o equipo técnico que corresponda proceda a revisar dita valoración.

É preciso sinalar, que se pode determinar unha non idoneidade por ocultación de información relevante: separación, embarazo, nacemento de fillos, manifestacións inaxeitadas no momento da preasignación, postasignación, etc.

Aos tres anos da declaración de idoneidade da/os solicitante/s, sen que se notificase unha preasignación, postasignación, presentación dun menor, acollemento preadoptivo, ou adopción, deberá ratificarse a valoración inicial ou realizarse unha nova, en caso de variar significativamente as circunstancias que a motivaron. Esta revisión pode realizarse:

- Aos 3 anos por caducidade
- A demanda ou solicitude do país
- Por cambio nas circunstancias das/os solicitantes
- No momento de valorar a asignación dun menor que se pode producir despois de 3 anos ou máis.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

## 3. TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

### 3.1 Tramitación a través de ECAI

#### 3.1.1. ECAI habilitada na Comunidade Autónoma de Galicia

A Secretaría Xeral do Benestar remitirá á ECAI os documentos básicos: informe psicosocial, certificado de idoneidade e compromiso de seguemento da adopción por parte da Xunta de Galicia.

A partir dese momento, a ECAI encargarase de continuar coa tramitación do expediente para o que recabará os documentos necesarios, procederá, se é o caso, a súa traducción e efectuará as xestións necesarias para a súa legalización e autenticación. Unha vez completo, remitirao ao seu representante no país de orixe, comunicándoo á Secretaría Xeral e á delegación provincial correspondente, o rexistro deste, no país.

#### 3.1.2. ECAI habilitada noutra comunidade autónoma

Se a solicitude está dirixida a un país, onde non haxa Ecai habilitada en Galicia, e sí noutra Comunidade Autónoma, a Secretaría Xeral do Benestar solicitará ao órgano competente desa comunidade a conformidade para a tramitación dese expediente, achegando o escrito dos solicitantes e máis o de aceptación da Ecai. Obtida esta, a Secretaría Xeral, emitirá resolución de habilitación desa Ecai para a tramitación dese expediente.

Nestes supostos, a Secretaría Xeral deberá remitir á Ecai:
- informes psicosociais (2 ou 3, dependendo do pais)
- certificados idoneidade e compromiso seguimento (2 ou 3 exemplares)
- resolución de habilitación da Ecai
- copia da conformidade da súa comunidade autónoma.

### 3.2. Tramitación protocolo público ou Ministerio.

1) Nos supostos de países que teñan ratificado o Convenio da Haia, en materia de adopción e protección, a Secretaría Xeral do Benestar envia o expediente completo ao Ministerio (documentación particular ou persoal e documentación administrativa, legalizada).

   a) Se o país ademais ten ratificado o Convenio da Haia, de 5 de outubro de 1961, sobre a competencia das autoridades en legalización de documentos (legalización única ou apostilla), a Secretaría Xeral do Benestar encargarase de legalizar a documentación administrativa do expediente (informe psicosocial,

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

certificado idoneidade e compromiso de seguimento) no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e enviará toda a documentación legalizada ao Ministerio.

b) Se o país non ten ratificado o Convenio da Haia para la legalización única ou apostilla, a Secretaría Xeral do Benestar dilixenciará ante a Secretaría Xeral de Relacións Institucionais a documentación administrativa para facilitarllela aos solicitantes para a sua legalización e autenticación.

2) Nos supostos de países que non teñan ratificado o Convenio da Haia, en materia de adopción e protección, os solicitantes poden (dependendo do país) optar entre:

a) Unha vez apostillada a documentación administrativa dende a Secretaría Xeral, procédese a enviarlla á familia para que xunto co resto da documentación particular, remita todo o expediente ao seu representante no país de orixe do menor.

b) Entregala na Secretaría Xeral do Benestar para que ésta remita o expediente completo, ao ministerio correspondente.

**3.3. Comunicacións co país de orixe do menor**

Unha vez enviado o expediente ao país de orixe do menor, as comunicacións necesarias para o seu seguemento, levaranse a cabo ben a través de:

- Ministerio corrrespondente
- Comunidade autónoma
-ECAIs, no caso de intervir no proceso.
- Os solicitantes directamente ou a través do seu facilitador ou contactos no país.

**3.4. Preasignación do menor**

Vai a variar dependendo do país. Enténdese que os solicitantes sempre teñen dereito cando menos, a coñecer que foi asignado un menor, sen afondar na información deste.

A Autoridad Central do país de orixe, preasignará ao menor susceptible de ser adoptado, facilitando información e documentación relativa ao mesmo, a través da Secretaría Xeral do Benestar ou á ECAI encargada da tramitación do expediente.

A preasignación, deberá chegar sempre á correspondente Delegación Provincial. No caso de ser recibida a través de ECAI, esta enviará toda a información relativa ao menor á Delegación Provincial, sen adiantarlle ningún tipo de información ás familias.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

O equipo técnico do menor, se o considera necesario, poderá solicitar ampliación de informes sobre o menor, para poder estudiar e pronunciarse sobre a preasignación efectuada, para logo, emitir informe-proposta en castelán (hai que enviala ao pais), aceptando ou non a mesma e posteriormente informarlle á familia e comunicarlle o pronunciamento do equipo sobre ela. Esta información podese entregar á familia.

Así mesmo, as/os interesadas/os unha vez informados deberánse pronunciar por escrito nunha comparecencia para que manifesten a súa aceptación ou rechazo á preasignación. A Delegación Provincial elevará o informe-proposta á Secretaría Xeral do Benestar para que esta dé o seu visto e prace e certifique a continuación do procedemento de acordo co artigo 17 c. do Convenio da Haia.

**Supostos que se poden producir:**

1. Aceptación da preasignación polo equipo técnico e polos solicitantes.

Ante esta situación a delegación provincial dará traslado, o máis axiña posible, da comparecencia escrita da familia e do informe-proposta á Secretaría Xeral do Benestar para que esta emita certificado de conformidade coa preasignación efectuada para dar continuidade ao procedemento.

2. Rexeitamento da preasignación polo equipo técnico e polos solicitantes.

Nestes supostos, tanto o equipo técnico no seu informe-proposta, como os solicitantes na súa comparecencia, deberan motivar suficientemente o rexeitamento á preasignación, co fin de que o país de orixe o acepte e proceda a efectuar unha nova preasignación.

3. Aceptación da preasignación polo equipo técnico e rexeitamento polos solicitantes.

Nestes supostos o equipo deberá recabar por escrito os motivos polos que os solicitantes rexeitan a preasignación. Se a criterio do equipo técnico estes non son axeitados e suficientes, poderá/deberá dar lugar á revisión da valoración de idoneidade, acordando por escrito o que proceda (unha non idoneidade sobrevida, ou a propia renovación da idoneidade caducada, ou o arquivo do expediente por embarazo, ou...etc).

4. Rexeitamento da preasignación polo equipo técnico e aceptación polos solicitantes:

a) A Secretaría Xeral, se procede, dará o visto e prace a non aceptación da preasignación e non emitirá o certificado de continuidade. Neste caso, e

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

fundamentado no informe-proposta do equipo, a Secretaría Xeral emitirá resolución negativa que notificará á familia, a Ecai, ou ao país, para que se poida reasignar ao menor a outra familia e non teña que esperar unha decisión posterior ou recurso/reclamación presentado polos solicitantes.

b) A Secretaría Xeral, se non procede, (dependendo da época da tramitación do expediente) valorará aquelas situacións que ofrezan dúbidas, e dará o visto e prace á preasignación dando continuidade ao procedemento por medio do certificado de continuación de acordo co artigo 17 c, do Convenio da Haia.

## 4. CHEGADA DO MENOR Á GALICIA

As/os adoptantes deberán comunicar á delegación provincial correspondente, a chegada do menor a Galicia facilitando unha copia do auto ou sentenza xudicial, se a adopción é plena, o que quere dicir, que xa hai sentenza firme.

No caso de que no país de orixe se constituíse unha adopción simple, o que significa que o menor aínda non rompíu vínculos coa familia biolóxica, e despois de facer os seguimentos pertinentes, a Delegación Provincial promoverá a proposta da adopción ou instará aos solicitantes para que a presenten directamente no xulgado, así como a súa inscripción no rexistro correspondente.

Documentación á aportar para a conclusión do proceso de adopción internacional en España, dos nenos procedentes dos paises sen adopción plena (Filipinas, India, Tailandia...)

- Fotocopia D.N.I. dos solicitantes.
- Certificado de nacemento dos solicitantes.
- Certificado médico dos solicitantes.
- Certificado de empadroamento dos solicitantes.
- Fotocopia da declaración da renda o outra xustificación de ingresos e bens.
- Fotocopia das tarxetas sanitarias.
- Certificación negativa de antecedentes penais dos solicitantes.
- Proposta de intervención e resolución de idoneidade.
- Partida literal de nacemento do menor.
- Fotocopia do pasaporte do menor.
- Escritura do acordo de acollemento-adopción entre os solicitantes e o Departamento de Adopcións do país de orixe do menor.
- Informe do Dpto. de Adopcións do país de orixe no que outorga a súa conformidade para a adopción.
- Comparecencia de consentimento á adopción dos solicitantes.
- Proposta Xudicial de Adopción.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

Observacións: todos os documentos procedentes do país deben ser traducidos por unha/un tradutora/or xurado.

## 5. SEGUIMENTOS

Os adoptantes dun menor estranxeiro deberán facilita no tempo previsto a información, documentación e entrevistas que se precisen para a emisión dos informes de seguimento postadoptivo que esixa a normativa do país de orixe do adoptado.

Estes seguimentos poden e deben facerse a través de:

- Ecai cando interviu na tramitación
- Técnicos das delegacións provinciais:

  - Cando os solicitantes tramitaron o seu expediente por protocolo público.

  - Aquelas familias que tramitaron con Ecai, pero por distintos motivos, non desexan facelos coa mesma. Nestes supostos, a familia solicitará por escrito á Secretaría Xeral, que os seguimentos os faga a administración. Autorizada a dita petición, daráse traslado da mesma á delegación correspondente e posteriormente desde a Secretaría Xeral do Benestar, enviarase unha copia a Ecai.

  - Así mesmo, os técnicos das delegacións, farán tamén os seguimentos daqueles menores, cuxos expedientes foran tramitados por Ecais doutras comunidades autónomas, remitindo o seguimento á Secretaría Xeral, a menos que previamente acordasen outros procedementos para solventar a elaboración dos informes de seguimento (ex. Ecais fóraneas que acordaran con Ecais de Galicia que lles elaboren os informes, enténdese que con consentimento das familias).

Os informes realizaranse coa periodicidade, termos e condicións que sinale o país de orixe do menor. É fundamental que se fagan coa previsión suficiente para que de tempo a súa traducción, legalización e envio ao país.

Para a realización dos seguimentos deberán realizarse unha ou varias entrevistas, en presencia do menor adoptado. Como suxerencia poderían facerse de forma alternativa no domicilio e delegación.

## 6.- APOIO POSTADOPTIVO (artigo 11 da lei)

Unha vez constituída a adopción, aqueles familias que o desexen, poden contar co apoio dos equipos técnicos das delegacións provinciais.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

A intervención centraráse nas seguintes modalidades:

a) Asesoramento á famila adoptiva sobre problemáticas relacionadas coa adopción: revelación, búsqueda oríxes, etc.
b) Se se considera que a familia require unha intervención máis continuada, derivárase a un recurso máis especializado, podendo neste caso requerir a colaboración económica da familia.
c) Seguimento do caso unha vez derivado, mantendo contactos periódicos cos profesionais, coa finalidade de verificar a evolución familiar.
d) Asesoramento á profesionais que, a su vez atenden ás familias adoptivas desde os servicios comunitarios (servizos sociais de atención primaria, escola, centros sanitarios, etc.).

Co obxecto de ter coñecemento da evolución dos procesos de adopción, cando se produzan situacións de fracaso, deben poñelo en coñecemento da Secretaría Xeral do Benestar.

**7.-DEREITO DOS ADOPTADOS A COÑECER AS ORIXES BIOLÓXICAS** (artigo 12 da Lei)

Cando a persona adoptada alcanza a maioría de idade, ten dereito a coñecer os datos que sobre as súas orixes teñan as Entidades Públicas españolas. Para conseguir este obxectivo, deberáse prestar asesoramento, axuda e mediación dos profesionais que interveñen no proceso de adopción.

As delegacións provinciais están na obriga de conservar toda a información relativa ás orixes do menor: identidade dos pais, historia médica, etc. (artigo 13 da lei).

**8.- ARQUIVO DO EXPEDIENTE**

A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común establece no artigo 92:

> "1. Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, cando se produza a súa paralización por causa imputable a este, a Administración advertiralle que, transcorridos tres meses, se producirá a caducidade do mesmo. Consumido este prazo sen que o particular requirido realice as actividades necesarias para reanudar a tramitación, a Administración acordará o arquivo das actuacións, notificándollo ao interesado. Contra a resolución que declare a caducidade procederán os recursos pertinentes.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

2. Non se poderá acordar a caducidade pola simple inactividade do interesado na cumprimentación de trámites, sempre que non sexan indispensables para ditar resolución. Dita inactividade non terá outro efecto que a perda do seu dereito o referido trámite".

De conformidade co establecido, o Equipo Técnico de Adopción deberá comprobar que realmente se ten producido unha paralización do expediente, por faltar un trámite indispensable para continuar coa xestión administrativa. Así mesmo, debe constatar que a paralización é debida a causas das que soamente son responsables os interesados e non a Administración.

En caso de ser así, enviaráselles aos interesados un escrito no que se lles deberá indicar:

- que o seu expediente está paralizado
- a data dende a que se produciu a paralización
- que se debe a un incumprimento do que son únicos responsables

No mesmo escrito, con acuse de recibo, advertiráselles que nun prazo máximo de tres meses deben ter achegada a documentación requirida ou realizada a actuación solicitada, e que en caso contrario a Administración procederá a arquivar o seu expediente por resolución.

Transcorridos os tres meses a Delegación Provincial debe emitir unha resolución de arquivo fundamentada na dita paralización, con todos os requisitos formais que debe conter unha resolución segundo o artigo 89 da Lei 30/1992, incluído o pé de recurso.

A resolución de arquivo debe notificala a Delegación Provincial aos interesados, así como á Secretaría Xeral do Benestar.

## 9.- DIFERENTES SITUACIÓNS DAS SOLICITUDES

1. Traslado de expedientes entre Comunidades Autónomas.

a) Cando un solicitante de adopción inscrito noutra comunidade se traslade a residir a Galicia e desexe manter a súa solicitude de adopción, o organismo competente da comunidade de procedencia, requirirá á Secretaría Xeral do Benestar o traslado do expediente a nosa comunidade. Aceptada a petición, ésta daralle traslado á provincia onde a familia teña fixada a súa residencia, considerando como data de antigüidade a que tiña onde se presentara a solicitude inicial. Se a familia xa está valorada, haberá que actualizar a idoneidade. En caso contrario, haberá que valoralo, respetandolle a antiguidade da solicitude.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

Dependendo do país e situación ou estado do expediente, pode haber casos nos que non é conveniente tramitar o traslado do mesmo, por exempl, nos casos de Rusia pode ser moi contraproducente ao cambiar as autoridades que firman os diferentes documentos e iso pode causar graves problemas coas autoridades rusas. Por este motivo, deberase informar as familias previamente para que se estude o caso e segundo proceda, se adopte unha decisión.

b) Cando un solicitante inscrito nesta comunidade se traslade a residir a outra e desexe manter a súa solicitude, a delegación provincial correspondente enviará á Secretaría Xeral de Benestar a petición da familia. Esta procederá a cursar a petición ao organismo competente en materia de adopción da comunidade de destino. A aceptación dependerá desta última.

2. Posibilidade de continuar un só solicitante cun expediente iniciado por dous solicitantes.

En supostos de separación dunha parella solicitante, ou finamento dun deles, e o outro desexe manter a súa solicitude de adopción, teráse que facer unha nova valoración de idoneidade, comtemplando a nova situación.

3. Incorporación dun novo solicitante a unha solicitude individual.

En supostos dun solicitante único que desexe incorporar ao seu cónxuxe ou parella a súa solicitude, como no suposto anterior, teráse que facer unha nova valoración incluíndo ao novo membro da unidade familiar.

Se o expediente do/a solicitante individual se atopase no pais á espera de preasignación, entón deberase comunicar ao país a circunstancia e quedará a expensas do que decida este.

4. Solicitantes de segunda adopción.

Algúns países (exemplo China) esixen que como mínimo trascorra un ano desde a integración familiar para abrir novo expediente.

5. Non existe a posibilidade de suspender temporalmente un expediente.

Sempre que o expediente se atope na Comunidade Autónoma (sexa na fase de solicitude ou de valoración), denegaranse as peticións de suspensión por non existir esa figura administrativa, debendo advertirlles aos interesados que de acordo co disposto no artigo 92 da Lei 30/92, se o procedemento se paraliza por causa imputable a estes, transcorridos tres meses producirase a súa caducidade.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

Se o expediente se atopase no país á espera de asignación vai a depender do que decida este. Nestes supostos, deberán ser os interesados quens se poñan en contacto co país, se tramitaron o expediente pola súa conta. Se interviu unha Ecai, será esta a que siga mediando no proceso.

Se o expediente foi tramitado pola vía do Ministerio debe ser a Administración, que se dirixa ao organismo do país a través do propio Ministerio.

6.- Persoal das delegacións que solicite a adopción

Aquelas persoas que traballen nas delegacións provinciais e desexen solicitar a adopción, non deberán ser valorados por técnicos da súa delegación. Nestes supostos, a delegación correspondente comunicará esta circusntancia á Secretaría Xeral, quen decidirá onde vaia ser valorada.

**10.- SEGUIMENTO ESTATÍSTICO**

Para un seguimento puntual dos datos de adopción é moi importante que os datos sexan introducidos na aplicación informática que se está a implantar, o que facilitará un mellor coñecemento e unha maior coordinación.

Ademáis, a Secretaría Xeral do Benestar poderá demandar todos aqueles datos que considere oportunos.

Esta Circular entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura, deixando derogadas cantas circulares e instruccións específicas sobre adopción internacional foran emitidas con anterioridade.

Santiago de Compostela, 11 de xuño 2008

**A SECRETARIA XERAL DO BENESTAR**

XUNTA DE GALICIA - VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

**Mª Jesús Lago Vilaboa**